

SOUTOMAIOR COA CIENCIA



febreiro/marzo 2020

INSCRICIÓNS EN LIÑA


<https://www.gabinetesoutomaioir.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-liña>

MÁIS INFORMACIÓN:

Na OMIX ou na web:

www.soutomaioir.gal

www.gabinetesoutomaioir.com



Síguenos en:
EDUCACIÓN SOUTOMAIOR

- Obradoiros lúdico - experimentais público xeral.
- Obradoiros de divulgación científica nos centros educativos.
- Feira de Ciencias: exposición de proxectos do alumnado do IES Soutomaioir e do Santiago Apóstol con visitas guiadas para estudantes e público xeral.
- Punto de lectura "Ciencia con perspectiva de xénero", na Biblioteca Municipal.
- Espectáculos científicos.
- Exposición "Muller e Ciencia: María Josefa Wonenburger Planells".



Concello Soutomaioir

PARA TODAS AS IDADES



Soutomaior coa Ciencia, é unha proposta educativa do Concello de Soutomaior coa que se pretende despertar a curiosidade pola ciencia e difundir contidos científico - tecnolóxicos usando unha metodoloxía dinámica, experimental e lúdica que motive a participación e interacción do alumnado e da poboación en xeral.

A ciencia non ten idades!

Datas

As actividades desenvolveranse desde o 14 de febreiro a 26 de marzo de 2020

Proposta de actividades

Obradoiros lúdico - experimentais público xeral.
Obradoiros de divulgación científica nos centros educativos.

Feira de Ciencias: exposición de proxectos do alumnado do IES Soutomaior e do Santiago Apóstol con visitas guiadas para estudantes e público xeral.

Punto de lectura "Ciencia con perspectiva de xénero", na Biblioteca Municipal.

Espectáculos científicos.

Exposición "Muller e Ciencia: María Josefa Wonenburger Planells".

Persoas destinatarias

Calquera persoa que teña curiosidade por comprender o mundo que nos rodea, que desexa experimentar, comprender, probar, saber, reflexionar, divertirse.. etc. Actividades para todas as idades. Dirixidas a centros educativos ou abertas a todos os públicos. **Consultar programa de actividades e como participar.**

Programa de actividades

APERTURA
Venres 14 de febreiro
11.45 h a 13.15 h
Multiúsos Arcade

Dirixida a: Alumnado de 4º ESO IES SOUTOMAIOR E SANTIAGO APÓSTOL

Presentación do programa

Ponencia experimental:

"Quen son eu para innovar: superpoderes para cambiar o mundo"

Unha charla na que imos combinar os desafíos do desenvolvemento sostible da ONU coa importancia da empatía e o deseño centrado nas persoas como detonantes da innovación. Poñendo exemplos sobre como se pode innovar con baixos recursos se nos molestamos en investigar ás persoas. Facendo fincapé en como as ferramentas que temos hoxe en día poden ter moito máis impacto na vida dos demais.

- Os desafíos de desenvolvemento sostible da ONU.
- Como a ciencia e a tecnoloxía nos axudan a resolver estes problemas.
- A empatía como detonante de innovación.
- Design Thinking: o proceso de deseño centrado nas persoas.
- Os teus superpoderes e a túa misión.

SOUTOMAIOR COA CIENCIA
febreiro/marzo 2020

Venres 14 de febreiro
Apertura e presentación do programa
De 11:45 a 13:15 h / Multiúsos Arcade

Do Luns 17 de febreiro ata o venres 20 de marzo
Obradoiros de divulgación científica nos centros educativos

Do Luns 17 de febreiro ata o xoves 26 de marzo
Punto de lectura
Horarios da Biblioteca

Desde o 10 a 28 de febreiro
Exposición
"Muller e Ciencia: María Josefa Wonenburger Planells"
Desde o 10 a 28 de febreiro de 2020
Multiúsos Arcade
Público Xeral

Sábado 14 de marzo
/ Multiúsos, Arcade

Obradoiro: Coméndonos a ciencia
Destinatarios/as: 4-55 anos
Prezo: 20 (12 para centro de día Boas Abertas e 12 para público xeral)
Horario: 16.30 a 17.30 h / INSCRIPCIÓN EN LIRA

Escape Room: Camiños de Ciencia
Destinatarios/as: Todos as idades (10 anos con acompañante)
Prezo: 20 (5 pasas) / Horario: 17 a 20.15 h (6 pasas) / INSCRIPCIÓN EN LIRA

Obradoiro: Tecendo o futuro
Destinatarios/as: Todos as idades (10 anos con acompañante)
Prezo: 20 / Horario: 17 a 18 h (4 pasas) / INSCRIPCIÓN EN LIRA

Construción de foguetes de aire e campionato
Destinatarios/as: Todos as idades (10 anos con acompañante)
Prezo: 20 / Horario: 18 a 20 h / INSCRIPCIÓN EN LIRA

Obradoiro: Iniciación á realidade virtual con CoSpaces
Destinatarios/as: +18 anos
Prezo: 20 / Horario: 19 a 20 h / INSCRIPCIÓN EN LIRA

Espectáculo: "AQUELANDO"
20.30 h a 21.30 h
Público xeral / ENTRADA LIBRE

Xoves 26 de marzo
Feira de Ciencias
Na Alameda do Río (se chove, trasladase ao Multiúsos en Arcade)
Venres: 10 a 14 h e de 15.30 a 18.00 h / Público Xeral.
Entrada de Prezo / Hora: de 19.30 h / Multiúsos en Arcade

Exposición de Proxectos do alumnado
Venres: 10 a 14 h e de 15.30 a 18.00 h / Público Xeral.
Entrada de Prezo / Hora: de 19.30 h / Multiúsos en Arcade

Espectáculo "Arpejos de Ciencia" / Hora: 20.30 h / Público xeral

INSCRIPCIÓN EN LIRA
Para obter máis información sobre estas actividades contacta coa oficina de actividades educativas:
MÁS INFORMACIÓN:
TEL: 010 20 10 00
WWW.SOUTOMAIOR.GP
WWW.GPBOGOSOUTOMAIOR.COM

Participan:
IES SOUTOMAIOR
CESPA IBAÑON FRUTUEIRO
SANTIAGO APÓSTOL
CENTRO DE DÍA BOAS ABERTAS

Colaboran:
CEO ABERIO
KUSCOE

Exposición en:
EDUCACIÓN SOUTOMAIOR

11 de febreiro
Día Internacional da Muller e da Muller na Ciencia

PARA TODAS AS IDADES

Concello Soutomaior

ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS

Ofrecemos unha batería de obradoiros prácticos de divulgación científica para que o profesorado escolla entre diferentes temáticas: impresión en 3D, robótica, como realizar investigacións, stop motion, tecnoloxía e electricidade, cociña e ciencia, youth makers,...

Os obradoiros vai dirixidos a alumnado de primaria e secundaria do CEIP M. Padín Truteiro, IES Soutomaioir e Colexio Santiago Apóstol. O calendario de datas pecharase con cada centro en función das súas necesidades e desenvolverase no período que vai desde 17 de febreiro ata 20 de marzo de 2020.

Feira de Ciencias

Data: o xoves 26 de marzo.

Horario de visitas: de 10 a 14 h e de 16.30 a 18.00 h

Lugar: Talo Río (se chove, trasládase ao Multiúsos en Arcade).

- **EXPOSICIÓN DE PROXECTOS**

Haberá un prazo de inscrición para a presentación de proxectos. A convocatoria irá dirixida ao alumnado de Secundaria e bacharelato do IES Soutomaioir e do Santiago Apóstol co fin de expoñer nos Stands da feira os proxectos realizados durante estes meses. Os centros poderán presentar traballos na OMIX ata o mércores 18 de marzo ás 13.00 h.

- **VISITAS**

Guiadas polo alumnado participante acompañados/as por persoas expertas e polo profesorado. Dirixidas a alumnado dos centros educativos do municipio e público en xeral.

- **ENTREGA DE PREMIOS**

Data: 26 de marzo

Hora: ás 19.30 h o Xurado revelará cales son os tres mellores proxectos.

Lugar: Multiúsos en Arcade.

Espectáculo

“ARPEXIOS DE CIENCIA” Combinando a Ciencia e a música.

CLAUSURA DA FEIRA DE CIENCIAS

Data: xoves 26 de marzo.

Horario: 20.30 h

Destinatarios/as: Público xeral

Lugar: Multiúsos Arcade

Canta ciencia se agocha detrás da música? Quen son as notas? Somos animais musicais? Poden suxestionarnos con música? Cales son os efectos da música sobre a nosa mente? Nesta charla poderás atopar todas as respostas dun xeito divertido e moi participativo.

ACTIVIDADES

dirixidas a todos os públicos

Obradoiro

“Coméndonos a ciencia”

A ciencia está en todas partes. E de forma moi importante na nosa alimentación. O obradoiro consistirá nunha viaxe que comezará polos nosos sentidos e a percepción dos alimentos e que seguirá descubríndonos aspectos fascinantes da nosa alimentación e finalizará coa preparación dunha receita de cociña molecular.

Data: Sábado 14 de marzo de 2020

Lugar: Multiúsos Arcade

Destinatarios/as: +55 anos

Nº prazas: 20 (12 para centro de día Boas Apertas e 12 para público xeral) / **Horario:** 16.30 a 17.30 H

INSCRICIÓN ATA XOVES 12 DE MARZO

Scape Room

Escape Room “Camiños de Ciencia”

A Catedral de Santiago estase degradando rapidamente e descoñécese os motivos. Queres axudarnos a resolver o problema? Preséntate co teu equipo nas probas de selección e resolve os enigmas científicos que che presentamos.

Data: Sábado 14 de marzo de 2020

Destinatarios/as: a partir de 10 anos todas as idades (menores de 10 con acompañante)

Nº prazas en cada pase: 20 / **Horario:** 17.00 A 20.15 H

Pases: 17.00 / 17.45 / 18.00 / 18.45 / 19.00 / 19.45

INSCRICIÓN ATA XOVES 12 DE MARZO

Obradoiro

Obradoiro Tecendo o futuro

O mundo dos e-téxtiles ábrenos unha xanela creativa totalmente innovadora que nos permite chegar a público pouco interesado na tecnoloxía convencional. Tras unha breve presentación, afondaremos na produción de abelorio interactivo utilizando distintos tipos de materiais.

Data: Sábado 14 de marzo de 2020

Destinatarios/as: todas as idades (menores de 10 anos con acompañante) / **Prazas:** 20 / **Horario:** 17 a 18 h

INSCRICIÓNS ATA XOVES 12 DE MARZO

Obradoiro

Construcción de foguetes de aire e campionato

Unha iniciación á astronáutica moi divertida para os máis pequenos. Utilizando materiais de papelería (cartón, cores, papel, etc...) os participantes poderán preparar os seus foguetes e posteriormente lanzalos nun torneo para ver que foguete é o máis eficiente.

Destinatarios/as: todas as idades (menores de 8 anos con acompañante)

Data: Sábado 14 de marzo de 2020

Nº de prazas en cada pase: 20 persoas

Horario: 18.00 a 20.00 H

Pases: 18.00 / 18.45 / 19.00 / 19.45

Con campionato final de tirada de foguetes

INSCRICIÓNS ATA XOVES 12 DE MARZO

Obradoiro

Obradoiro de Iniciación á realidade virtual con CoSpaces

A actividade consistirá na creación de mundos virtuais utilizando a aplicación CoSpaces. Unha vez recreados, poderemos "viaxar" polo seu interior utilizando o noso móbil e lentes inmersivas.

Data: Sábado 14 de marzo de 2020

Destinatarios/as: desde 10 anos

Número de prazas: 20 / **Horario:** 19.00 a 20.00 h

INSCRICIÓNS ATA XOVES 12 DE MARZO

Espectáculo

Espectáculo "AQUELANDO"

A Ciencia é apaixonante e pode ser moi divertida e co Show Aquelando ímoscho a demostrar. Inspirado no programa da TVG do mesmo nome e que copresenta o relator, iremos descubrindo aspectos fascinantes da Ciencia mentres levamos a cabo experiencias

espectaculares como tombarnos sobre unha cama de cravos, romper ladrillos sobre o presentador ou lanzar ovos que de súpeto son irrompibles contra unha cortina.

Data: Sábado 14 de marzo de 2020

Horario: 20.30 h a 21.30 h

Destinatarios/as: Público xeral

Entrada de balde!

Colabora: Concellería de Xuventude, Soutomaior.

Punto de Lectura

Punto de lectura

Un espazo con perspectiva de xénero dirixido a todas as idades no que atoparás lecturas moi interesantes que visibilizan o traballo realizado por moitas mulleres no ámbito da ciencia e o papel fundamental das súas aportacións para historia da humanidade. Tamén atoparás outras moitas referencias sobre a ciencia.

Un lugar para saber máis, para encontrarnos, para compartir curiosidades e inquedanzas, para pensar, para reflexionar, para soñar, para descansar e para gozar.

Datas: 17 de febreiro ata o xoves 26 de marzo de 2020

Lugar: Biblioteca Municipal Luís Seoane.

Destinatarios/as: Público xeral

Horario: no habitual da Biblioteca

Exposición

"Muller e Ciencia: María Josefa Wonenburger Planells"

Datas: Desde o 10 a 28 de febreiro de 2020

Lugar: Multiúsos Arcade

Destinatarios/as: Público Xeral

Promoven: Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e CIM de Soutomaior.

Participan:

IES SOUTOMAIOR

CEIP M. PADIN TRUITEIRO

SANTIAGO APÓSTOL

CENTRO DE DÍA BOAS APERTAS

Colaboran:

CEO ABERTO / KIDCODE

Máis info:

educacion@soutomaior.com

www.soutomaior.gal / www.gabinetesoutomaior.com